



CONGRESO INTERNACIONAL

O PATRIMONIO ITINERANTE: BANDAS DE MÚSICA GALEGAS ENTRE EUROPA E AMÉRICA

Santiago de Compostela

9-11 de xullo, ano 2026

A velocidade coa que suceden as innovacións actuais leva a mudanzas tan continuas como inconscientes nos hábitos e preferencias das persoas. Isto provoca que algúns elementos patrimoniais, especialmente os de carácter inmaterial e itinerante, corran o risco de ser esquecidos ou uniformizados. Entre eles, atópanse as prácticas desenvolvidas polas bandas de música galegas hai máis de dous séculos. Nos últimos cinco anos, por exemplo, diminuíu drasticamente a súa presenza en festas populares, onde estas formacións seguían unha antiga estrutura de actuación dividida en alborada, procesión, concerto e verbena. Consecuentemente, gran cantidade do repertorio utilizado para tales ocasións acabará permanecendo silente ou, no mellor dos casos, interpretado nun contexto para o que realmente non foi concebido.

Un elemento fundamental conecta ás bandas de música co colectivo galego: a mobilidade dos seus integrantes. Intérpretes ambulantes e galaicos migrantes desde hai séculos fan que analizar este tipo de formacións sonoras implique ollar non só para o noroeste ibérico ou o resto de Europa, senón tamén cara ao outro lado do Atlántico. Así, atoparemos bandas diferentes con nomes case idénticos, como as de Lalín ou Ribadavia, que ademais de existir en Galicia, cobraron vida no territorio cubano (Almuinha, 2008). Alí mesmo, estreouse a finais do ano 1907 o vixente himno galego, tocado non por unha orquestra sinfónica, senón a cargo da Banda Municipal de La Habana. A importancia que as formacións de vento-percusión tiveron en relación ao pasado galego contrasta coa anteriormente explicada situación de risco que algunhas destas agrupacións viven na propia Galicia actualmente.

O presente congreso pretende reunir a musicólogos, directores e intérpretes para trazar non só a relevancia das bandas no devir histórico e cultural de Galicia (desde o século XVIII ata a actualidade), senón tamén co obxectivo de reflexionar sobre medidas de protección que urxe adoptar. O evento científico terá un carácter inclusivo, pois destinarase unha sección a escoitar integrantes das propias bandas cuxos testimonios posúen un recoñecido valor: músicos lonxeiros, primeiras mulleres que entraron nas agrupacións, antigos directivos e promotores... Así, preténdese contrarrestar unha tendencia perceptible no ámbito bandístico: as pesquisas musicolóxicas, concienzudas e silenciosas, transcorren por un lado, mentres que a actividade das agrupacións discorre por outro. Conxuntamente, tentaremos evitar aquilo do que José Luís Peixoto nos advirte en *Almoço de Domingo*:

O pasado ten que demostrar constantemente que existiu. Aquilo que foi esquecido e o que non existiu ocupan o mesmo lugar. Hai moita realidade a pasearse por aí, fráxil, transportada apenas por unha única persoa. Se ese individuo desaparece, toda esa realidade desaparece sen apelación, non existe forma de recuperala, é como se non tivese existido.

Por todo o anterior, anímase á comunidade académica e musical para enviar propostas de comunicación oral correspondentes a algunha das seguintes liñas temáticas relacionadas coas bandas galegas:

- Antecedentes e orixes militares durante o século XVIII.
- Formacións desde os hospicios decimonónicos á profesionalización municipal.
- Música bandística para o fomento da identidade galega ata a actualidade.
- Comercio musical: adquisición de partituras, instrumental, vestimenta...
- Arquivos musicais e a súa xestión.
- Conexións con outros territorios, especialmente Portugal e América.

As propostas de comunicación deberán ser enviadas antes do 31/03/2026 a través do formulario específico, incorporando título, resumo de ata 250 palabras, nome da/o autor/a, filiación institucional, breve curriculum e medios técnicos necesarios. Tras a avaliación polos membros do comité científico,



comunicaranse individualmente os resultados a partir do 30/04/2026. Desde entón, abrírase o proceso de inscrición durante un mes cos seguintes prezos:

- Participantes con comunicación alleos á FGBMP e/ou USC: 60€
- Participantes con comunicación da FGBMP e/ou USC: 30€
- Asistentes sen comunicación alleos á FGBMP e/ou USC: 20€
- Asistentes sen comunicación da FGBMP e USC: gratuíto.

As linguas oficiais do congreso serán: galego, castelán, portugués e inglés. Prevese, ademais, a publicación dun libro coas mellores comunicacións presentadas.

Dirección:

Montserrat Capelán Fernández (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Gándara Feijóo (Universidade de Santiago de Compostela)
Jorge González Rodríguez (Federación Galega de Bandas de Música Populares)

Comité científico:

Alejo Amoedo Portela (Consello da Cultura Galega)
Isabel Ayala-Herrera (Universidad de Jaén)
Beatriz Cancela Montes (Xunta de Galicia)
David Ferreiro Carballo (Universidad Autónoma de Madrid)
Javier Jurado Luque (Conservatorio Superior de Música de Vigo)
Ana Maria Liberal da Fonseca (ESMAE-Instituto Politécnico do Porto)
Lorena López Cobas (Xunta de Galicia)
Íñigo Sánchez Fuarros (INCIPIT-Centro Superior de Investigacións Científicas)

Comité organizador:

Marcos Amado Rodríguez (Universidad de Oviedo)
Fernando Apolinar Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela)
Goel Deckers (Universidade de Vigo)
María Núñez Figueiras (Conservatorio Superior de Música de Vigo)
Álvaro Rodríguez Carballo (Universidade de Santiago de Compostela)
Sergio Rodríguez Gutiérrez (Universidade de Santiago de Compostela/ESADg)
Efrén Soto López (Universidade de Santiago de Compostela)
Pablo Soto Viceiro (Federación Galega de Bandas de Música Populares)

Secretaría:

Ilduara Vicente Franqueira (Universidade de Santiago de Compostela)

Lugares de celebración:

Instituto de Investigación en Humanidades-Centro de Estudos Avanzados (Universidade de Santiago de Compostela) / Cidade da Cultura.